

¿Sabes que detiveron a un rapaz en Estados Unidos porque tratou de cobrar un cheque asinado por Deus?

—Así e todo... láialle.

¡Cobrar un cheque asinado por Deus!

—Non, non, non, a min nunca se me ocorrería tal cousa. Un cheque asinado por Deus íainda se fora polo Espírito Santo!

—Non o tomes a mal. Díciacho porque hai un banco que lle chaman así: Banco do Espírito Santo. Todo é cuestión das tres formas e un só deus verdadeiro: o cartiño. A modo, a modo, vaia humor temos hoxe. Cá!

1

O cheque de Deus

Rosa Aneiros

Contos de Agardar



Rosa Aneiros
(Meirás — Valdoviño, 1976)

Xornalista. É autora das obras *Eu de maior quero ser* (Sotelo Blanco), *Corazóns amolecidos en salitre* (Laovento, 2002) *Resistencia* (Xerais, 2002), *O xardín da media lúa* (Galaxia, 2004), o volume recompilatorio de artigos literarios *Agardando as lagarteiras* (2003) e *Veu visitarme o mar* (Xerais, 2004), ademais de distintos relatos en volumes colectivos. No ámbito xornalístico, vén de recibir o Premio Fernández del Riego polo artigo *A última vaca*.

© do texto: Rosa Aneiros

© da edición:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado
Paz Filgueira Paz
Luís M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litonor

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policíaas, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policíaas os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística de Galicia.





1

O cheque de Deus

Rosa Aneiros

Contos de Agardar
O cheque de Deus

¿Sabes que detiveron a un rapaz en Estados Unidos porque tratou de cobrar un cheque asinado por Deus?

—Así e todo... láialle. ¡Cobrar un cheque asinado por Deus!

—Non, non, non, a min nunca se me ocorrería tal cousa. Un cheque asinado por Deus ¡aínda se fora polo Espírito Santo!

—Non o tomes a mal. Dicíacho porque hai un banco que lle chaman así: Banco do Espírito Santo. Todo é cuestión das tres formas e un só deus verdadeiro: o cartiño. Amodo, amodo, vaia humor temos hoxe. Cá!

—Aí douche a razón toda. ¿E ti que farías se che ven un cun cheque asinado por Deus?

—¡Pois que Deus cho pague e non eu! Ah, ah, ah, ah, esa si que é boa resposta. Antes non tiñas tan bo xenio. Ao principio si. Logo xa...

—Non, non... ti. ¡Que dúbida tes! Dáme moito gusto falar así contigo. Sobre todo cando andas con

Contos de Agardar
O cheque de Deus

esa alegría vella e dis esas ideas que che saen así, coma quen non quere a cousa. ¡E tes unha graza doente!

—A ti nunca che gustou moito oírmas pero eu tamén che teño ideas. ¡E ideas boas, non vaias pensar! Andabas sempre por aí, nunca para min mirabas... así mal mas podías escoitar. Pero agora, ¡ai agora! Agora pódoche contar as mil e unha que me escoitas con atención como quen escoita ao cura na misa.

—Non digo iso, non te revires. Sempre fuches boa persoa no fondo e non lle tiñas medo ao traballo. Algo de preguiza si, pero botar a sesta e andar por aí non é pecado ningún. Digan o que digan. Hai xente que dorme por necesidade, non por vicio. O de beber era o de menos. Que vicios temos todos e o viño da casa non fai mal. E se algunha vez se che ía a man, pois que se lle vai facer. Unhas persoas teñen uns vicios e outras... Pero malicia, ter non a tiñas. Zoupabas en min.... pois porque che daba por aí.

12

—¡Eu darlle ao viño?! ¡O viño da Eucaristía non conta! Ademais, é algo sagrado como para andar dicindo esas cousas.

—¡E como vou saber eu se comungaba ou non o rapaz que quixo cobrar o cheque de Deus!

—Eu dígoche que é un rapaz novo. Vinteún

Contos de Agardar
O cheque de Deus

anos nada máis e xa ten unha pena de sete anos de cárcere agardando por el. Vidiña... E, ¿non habería ninguén que tornase del?, digo eu. Foi en Hobart, en Indiana de Estados Unidos, do outro lado do mar. El disque chegou ao banco e presentou un cheque asinado por Rei Salvador, Rei de Reis, Deus de Deus, Servo... ¡Vaia polas ánimas!, ¡e sabía as ladaíñas enteiras! Comungar non sei se comungaba pero á misa ía, que cho sei eu de boa man.

—Ai, oh, agora con iso de Internet sábese todo. Todo canto queiras. Xa non son os teus tempos. Agora o mundo vai pola nova. Que lista é a xente agora e non parvos como eramos nós. Son listos coma allos. Claro que... eu dígoche unha cousa, valer, iso do ordenador vale para traballar e para o que queiras pero, así e todo, para todo non vale. Compañía non fai. Ai, canto gusto me dá falar así contigo. Non sabes que gusto me dá. Váleme a vida terte aquí á miña beira, e veña lerias, e veña contos.

—Mira. Non imos falar desas cousas. O chovido, chovido está e non hai volta de folla por máis que lle falemos. Pasou e listo. Agora que se lle vai facer. Déixao ir. Déixao ir. Nunca nada me dixeches e nunca nada che dixen así que non hai por que remexer niso. ¡Non tornes así os ollos que aínda has perder a vista!

Contos de Agardar
O cheque de Deus

Xa non estamos para moitos malabarismos. Agora hai que coidarse. Dino na televisión.

—¡E, se ti non dis nada, eu poño a televisión onde me peta a min! Así escoito á xente que fala e que di e que tumba e que dálle. ¡Faiche unha compañía boa! E ti, moito rosmar, pero ben que atendes que cho miro eu nos ollos. Arregalalos que dá gusto.

—¿Sabes que detiveron a un rapaz en Estados Unidos porque tratou de cobrar un cheque asinado por Deus? Vino eu na televisión. Disque eran cartos que lle regalara o seu pai. E, aínda tiña razón, que fora o seu pai quen llos dera. O seu e máis o de todos, digo eu, a ver por que había cobrar el só.

14 —¡E dálle! Non me mires con eses ollos que non quero falar diso. Co ben que estamos aquí nolos dous. Valémonos de marabilla. E disque lle dixo o policía ao rapaz “escoitara que Deus daba a vida eterna, pero é a primeira vez que escoito que tamén dá efectivo”. Aínda tivo chispa o axente. ¿Deus pagará en reais, en pesetas ou en euros? Supoño que terá de todo. Moeda miúda tamén. ¿A min canto me dará? ¿E a ti? ¡Quen o soubera! ¡Outro galo cantaríala! A pensión íámola levar doutra maneira que cho digo eu. Catrocentos euriños do teu e máis do meu non dan abondo de si para as medicinas e a luz e a bombona e a auga

Contos de Agardar
O cheque de Deus

e a calefacción e o alugueiro e o pan. ¿E se cobramos un cheque por adiantado? Explicámosllo ao do banco e dicímoslle que é como adianto pola eternidade... ¡Para que se quererán cartos despois! Pero eu non lle poño que o asine Deus, que o asine a Virxe do Rosario que lle teño máis fe e coñéceme mellor.

—Algo para as misas haberá que deixar pero, así e todo. ¿Pediranos a paga San Pedro nada máis entrar xa pola porta do ceo? ¿E os da contributiva irán antes ou despois para o paraíso? A nós dános o mesmo. Con tal de que nos deixen ir xuntos...

—Vaia, oh, agora che dá por esas. Sesenta e tres anos xuntos e vesme agora con que se te vou aturar no outro lado. ¡E que remedio nos queda! Non poñas esa cara, oh, o de que ata que a morte nos separe non é máis ca unha maneira de falar. A morte non nos ha separar. Cando eu marche vés comigo e listo. ¡Vas quedar ti aquí con eses ollos arregalados cara á televisión e vendo medrar as teas de araña! Deus nos colla confesados. Xa o teño todo pensado. En canto me veña unha volta, abro a chave do gas e acabouse. Vas quedar ti aquí sufrindo como un animalíño. ¡Ata cos bechos se ten máis misericordia! E vés para onda eu vaia. Que se te aturei na vida tamén te hei aturar na

morte.

—Non. Xúrocho. Aquí non has quedar. ¡Se non te vales nin para te erguer da cadeira de rodas e ir para a cama! ¡Se xa non podes nin pedir un vaso de auga! ¡Quen ha mirar por ti? ¡A quen has chamar? ¡Non temos quen nos valla agora, para canto máis!

—Non me mires con eses ollos. Xúrocho. Xa sei que pensas que me hei arrepentir no último momento por medo a ir ao inferno. Pero non hai inferno que valla, nin pecados, nin mandamentos, nin nada de nada. Aquí non te deixo, no abandono absoluto, coma un canciño. Lévote comigo. Levareite comigo para onde eu vaia. Sexa o ceo ou o inferno.

16 —¿E pensas que no último día me hei acordar dos paus que me deches durante cincuenta anos? Que me hei acordar... Déixao ir, xa che dixen que non quero falar máis diso. Co gusto que me dá agora terte así comigo, como un bebé, sen dicir nin chío. Nin berros, nin labazadas, nin ameazas. ¡A paz que non tivemos en sesenta e tres anos veunos toda xunta! ¡Coa compañía que ti me fas! Aquí, os dous soños, sen ninguén que mire por nós ou que entre ou que saia. É como mocear outra vez de novos. Como volver empezar.

—Tes a razón toda, o demo non me leve. Bo

Contos de Agardar
O cheque de Deus

sufrimento é isto para ti. Aturar os meus ollos durante estes dez anos debe ser a máis grande penitencia que nunca soñaches. ¡Ai a culpa! ¡Ai a culpa! ¡Quen cho había dicir cando me dabas! ¡Se esa cadeira de rodas puidese con tanta culpa! E non tes máis que medo, máis que medo que te deixe aquí. Ah, ah, ah. Aínda é de risa. Que, ao final, sexa eu quen te mate a ti ¡quen nolo había de dicir! ¡E que te mate por paixón nada máis! Heite levar comigo. Aquí non quedas, ben o sabe Deus e maila Virxe do Rosario. Aínda que logo digan na televisión que somos un caso máis de violencia, que te matei por... Aínda que logo digan. ¡Que saberán os da televisión! ¡que saberán eles de nosoutros!

—Veña, oh, morra o conto. Falemos doutra 17
cousa, ¿díxenche que detiveron a un rapaz en Estados Unidos porque tratou de cobrar un cheque asinado por Deus?

—Vaia, tres veces xa, é que non vin nada máis na televisión e como da casa non saímos e aquí non vén ninguén, pois...

—¡Cobrar un cheque de Deus! Ri, oh, que ben paga a pena. ¿E sabes o mellor de todo? Que nos billetes de dólar en Estados Unidos poñen aquilo de In-

Contos de Agardar
O cheque de Deus

godgüitrast, ou sexa, Confiamos en Deus. Repetírono varias veces na televisión. Non ía desencamiñado de todo o cativo aquel... ¡e disque tamén se lle revirou ao policía cando o quixo deter! ¡Non se había revirar! ¡Se levaba un cheque asinado por Deus el quería cobra-lo!, ¿ou non?

—¡Aí quería chegar eu! ¡Aí quería chegar eu!
¡E se eles confían en Deus por que non habemos confiar nós! A ver, dime, ¿por que non habemos confiar nós en Deus?

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha Comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obteren resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
“En galego, con toda seguridade”.
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Consellería de Presidencia
Policía Autónoma